

ARTE

# Os divertimentos da arquitectura do Camiño

O alemán Roland Fischer amosa no CGAC un percorrido estético pola Ruta Xacobeá a través das investigacións fotográficas sobre os seus edificios máis emblemáticos


FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

Unha serie de fotografías en gran formato relativas a edificios emblemáticos do Camiño de Santiago, é unha das propostas presentadas polo fotógrafo alemán Roland Fischer no primeiro piso do compostelán Centro Galego de Arte Contemporánea.

Fragmentsos arquitectónicos que, aínda ó viaxeiro máis esquecido, non lle resultan difíciles de identificar, a pesar de se presentar un tanto diluídos. Compoñen a parte dun todo; son edificios conformadores do Camiño; construcións sobre as que o obxectivo do fotógrafo incidiu poeizando no repertorio iconográfico acorde coa súa sensibilidade.

Da catedral de Xaca sedúcelle a portada occidental ó extremo de resaltar o crismón do tímpano unha vez máis todo o misterio alusivo á Santísima Trindade. Outras veces é o interior do templo. En Santo Domingo da Calzada será o retablo maior renacentista, que deseñara Damián Forment, o que reteña a cámara fotográfica á vida de sensacións emanadas da gran proliferación de elementos decorativos. Da catedral de Lugo escolle a capela barroca que deseñara e executase respectivamente Fernando de Casas Novoa e Miguel Romay, con ánimo de loar a imaxe-emblema da cidade, a Virxe dos Ollos Grandes. Poderíamos seguir detendonos na catedral de Burgos, San Isidoro de León ou a catedral de Astorga para desembocar finalmente na meta, a catedral compostelá, na que parou e recreou o artista coa cámara.

En todos os edificios da milenaria ruta da cristiandade católica, as tomas de Fischer



A Virxe dos Ollos Grandes da Catedral de Lugo

parecen querer negar a claridade espacial coa que os arquitectos os concibiron para se converter en auténticas representacións arquitectónicas de tinxidura emocional. Unha arquitectura que en ocasións pretende anular a súa solidez, pero que logo se aviva gracias á dilapidación pictórica produto da colaboración desas outras disciplinas usadas, a pintura e a plas-

**Parece querer negar a claridade espacial con que se crearon os edificios**

ticidade escultórica. Fronte a propostas xa espremidas en torno á fidelidade ó edificio retratado, á pura proposta meramente documental de ton obxectivo, Fischer

fundirse nela totalmente, para non caer na pura abstracción, pululan por doquier.

Ó mostrar no plano fotográfico o interior e exterior acrécentase a sensación de percorrido, de movemento integral. Tomas que acrecentan o valor do tridimensional desde un medio que non o é; o fotográfico é pura bidimensión.

Se a arquitectura é pura materia, nestas fotografías aparece como soñaba; dotada de inmaterialidade semella unha ficción. Alardea dun decorativismo que por mo-

**Concentra no xénero a subxectividade, a súa vivencia puramente interior**

mentos nos lembra o Art Nouveau ou a mestres do pasado manieristas que converteron os caprichos ofertados pola natureza en caprichos arquitectónicos. Arquitecturas inverosímiles que clamorosamente atraera a ollada de Marinetti e os futuristas probablemente encantados coa aparente velocidade á que se suceden planos e arcos, cornixas e volumes arquitectónicos emanadores da vida, do pulso deixado polas xentes e peregrinos que acudiron a visitar ou venerar as imaxes de devoción.

Arquitecturas recreadas pola paixón que o fotógrafo depositan nelas. Esas liñas que, parecen negar calquera canon clasicista mesturando elementos imposibles, preséntanse como un auténtico desafío para a reflexión; unha meditación anticipada á chegada do Ano Santo.

CINE

# Unha aburrida comedia de policías

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO

Existen películas que, sen chegar ó grao de horror co que ás veces nos castiga a factoría de Hollywood (especialmente cando se trata de adolescentes coas hormonas desatadas en institutos de Ohio ou Nevada), fracasan dos pés á cabeza. Carecen dun ingrediente de substancia, de ritmo, da máis mínima razón de ser, porque parecen un montón de escenas encadeadas sen finalidade nin obxectivo que as sosteñan. *Hollywood: Departamento de homicidios* é unha delas. Pretende ser unha comedia irónica e non pasa dunha sesión plana, aburrida, que nin a cabrear chega.

Parece que na intención de Ron Shelton debía de andar a idea de crear dous policías distintos en idades, gustos e talentos, que rin de si mesmos. Dous policías que non cren demasiado na súa profesión, un xa de volta, fracasado, pendente de arranxa-los seus asuntos económicos vendendo casas, o outro interesado por todo menos por deter a asasinosa e mafiosa, dedicado ó ioga e ó seu soño de acabar sendo un Marlon Brando. Pero o trato irónico pérdese de contado, as gracias repítense, o suposto humor fino esfúmase e a película vai discorrendo cara a un ton murchado, sen vida, morto ós poucos minutos.

Tal vez autocrítico coa veta irónica non aproveitada, inténtao o director probando cun chisco de acción, perseguindo a mafiosos malos de verdade ou achegando algo de erotismo suxestivo, pero tampouco por estes carreiros chega a ningures.

Para propoer acción non se pode previamente ridiculizar o futuro heroe, para mergullarse nas cloacas da podrencia social e económica non hai materia e se para intentar algo arredor do erotismo cómpre máis creatividade e atrevemento. Total: nada de nada. Un aburrimento completo.

Poderá algún preguntar se a actuación de Harrison Ford salva o filme. Pois tampouco. Ford envellece ben, dá probas de saber actuar no que lle manden, pero tratándose de asunto tan insulso nin el pode poñerlle algo de sal. Nin el nin Josh Hartnett nin Lena Olin.

*Hollywood: Departamento de homicidios* aburre soberanamente e o único que provoca ó saír da sala é a pregunta de sempre cando un ve algo así: ¿que se me perdeu a min no cine coa cantidade de libros por ler, paseos por dar e amigos cos que charlar?

A DEPUTACIÓN DE OURENSE

COA NOZA

# CULTURA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Teatro Principal

CENTRO CULTURAL DEPUTACIÓN OURENSE

PAZO DE VILANARÉN

REAL BRASO DE OBERA MONTAÑAS QUARESMA

escola provincial de danza

XORRADAS FOLCLORE

ORRADOIRO DE INSTRUMENTOS

ESCOLA DE ARTES E OFICIOS

Biblioteca